

## **Addenda á Programación de Inglés do curso 2021-2022**

Debido aos cambios introducidos na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obligatoria e bacharelato, o departamento de inglés elabora a seguinte addenda á programación do departamento para o curso 2021-2022.

### **Cursos de educación secundaria obligatoria.**

O día 6 de xuño terá lugar a terceira avaliación parcial para os grupos de ESO.

Aqueles alumnos ou alumnas que non superaran a materia terán unha segunda oportunidade para facelo nos exames correspondentes á avaliación final que terán lugar dúas semanas máis tarde, os días 20, 21 e 22 de xuño. Para axudarlles a conseguilo, desde o departamento de inglés diseñamos unha serie de actividades de reforzo personalizadas. Serán actividades sobre todos os contidos mínimos e aquelas partes da materia nas que cada un deles teñen máis dificultades, aclarando dúbidas e practicando de maneira que poidan realizar con éxito as probas de avaliación final.

Se superan con éxito a proba, poñeráselle a cualificación que acadaron nela. No caso de que non consigan superar a proba pero melloren a nota que obtiveran na avaliación parcial, poñeráselle esa nota. En ningún caso levarán na avaliación final unha cualificación inferior á acadada na avaliación parcial.

Desde o departamento informarase ás familias de que os seus fillos e fillas teñen unha proba de avaliación final na semana do 20 de xuño, que sería equivalente á antiga proba de setembro, na que teñen a posibilidade de recuperar a materia que teñen suspensa hasta ese momento e para a preparación da cal terán reforzo na aula durante dúas semanas desde a avaliación parcial. No caso de que o alumno ou alumna non traballe e

non consiga recuperar a materia na avaliación final, pasará con ela pendente ao seguinte curso, durante o cal se lle preparará un plan de recuperación da materia pendente, tal como aparece recollido na programación do departamento.

A aqueles alumnos que teñan superada a avaliación parcial daráselles a oportunidade de mellorar medio punto a cualificación obtida, de maneira que a súa cualificación pode subir hasta un punto. Na materia de inglés a avaliación é progresiva, en cada proba que se vai facendo e en cada avaliación van entrando tódolos contidos impartidos desde o comezo do curso, así que a nota que obterán na avaliación parcial será o resultado da media das probas obxectivas realizadas e a porcentaxe correspondente aos contidos actitudinais e ao traballo realizado na casa e na clase. Así que por exemplo, un alumno ou alumna que obteña unha cualificación de 6´3 levará unha nota exacta de 6 na avaliación parcial, pero se realiza os traballos que se lle pidan na aula durante esas dúas semanas a súa nota poderá aumentar medio punto, é dicir, hasta un 6´8 e nese caso a nota correspondente á avaliación final pasaría a ser de 7 xa que se redondearía tal como aparece recollido na programación do departamento.

Con estes alumnos, posto que xa teñen os contidos da materia adquiridos, faranse actividades de ampliación (contidos que non deu tempo de impartir ou de introducción ó curso seguinte) e de repaso, practícarase sobre todo a comprensión lectora e a expresión escrita, importantes en todos os cursos da etapa, e na medida en que se poida, actividades de comprensión e expresión oral de maneira que todo o alumnado, tanto os que teñen que recuperar a materia como os que teñen a posibilidade de mellorar a súa nota poidan traballar distintas actividades ó mesmo tempo. Eses traballos realizados na aula durante estes seis periodos lectivos serán, xunto con contidos atitudinais, os que se terán en conta á hora de valorar a posibilidade de mellorar a nota acadada na avaliación parcial.

Desde o departamento de inglés informarase a todas as familias de que os seus fillos e fillas estarán durante dúas semanas traballando na aula contidos de ampliación e repaso que lles van permitir mellorar a cualificación obtida na avaliación parcial.

## **1º de Bacharelato.**

Aqueles alumnos e alumnas que non superaron a materia na avaliación do 6 de xuño, teñen a posibilidade de recuperala nas probas correspondentes á avaliación final que terán lugar dúas semanas máis tarde. É moi importante para eles tratar de recuperar a materia para non pasar con ela pendente a 2º de Bacharelato, un curso que xa ten bastante dificultade en sí mesmo. Para axudarlles a facelo o departamento elaborou un plan personalizado de recuperación no que traballarán aqueles contidos mínimos que máis difíciles lles resultaron e que son imprescindibles para superar a materia.

A cualificación obtida na proba final será a que apareza no boletín de notas.

Con aqueles alumnos e alumnas que superaron a materia faremos actividades de ampliación de cara ao vindeiro curso, especialmente de comprensión e expresión escrita, tan necesarias en 2º de Bacharelato.

Tamén no caso de bacharelato, igual que na ESO, se informará ás familias de que os seus fillos e fillas estarán durante dúas semanas traballando na aula contidos que lles van axudar a recuperar a materia suspensa na avaliación parcial.

No caso daqueles alumnos e alumnas que aprobaran a materia na avaliación parcial informaráselles ás familias de que os seus fillos e fillas estarán a traballar actividades de repaso e ampliación na aula durante dúas semanas e que aínda que xa teñen a materia aprobada é importante que asistan a estas clases, que lles van resultar moi útiles non só como repaso do curso senón tamén como iniciación ó vindeiro curso.